

IDEAS PARA HOMILÍA CON NENOS

23 maio 2021

PENTECOSTE.

O lume do Espírito elévanos e móvenos

1. VER: Viaxar en globo

- Gústanos viaxar. Tralo confinamento temos máis ganas de saír e de gozar cos amigos e a familia. Imaxina unha viaxe en globo sobre unha illa, unha cidade ou unha paisaxe bonita. O globo leva dentro un motor que é o lume que nos eleva, un vento invisible que nos move. O globo non fai ruídos, nin contamina, pero non quere demasiado peso.

Gustaríache viaxar en globo?

Que sobrevoarías?

2. XULGAR: O Espírito elévanos e móvenos

- No evanxeo, Xesús, logo de resucitar, púxose no medio dos apóstolos e soprando sobre eles díxolles: “Recibide o Espírito Santo”. No libro dos Feitos nárrasenos como o recibiron o día de Pentecoste: “*enchéronse todos do Espírito Santo*” que descendeu sobre eles en forma de vento e de línguas de lume.

QUE NOS QUERE DICIR?

- **Hoxe é o día de Pentecoste**, 50 días logo da Pascua ou Resurrección de Xesús, o día no que os apóstolos reciben o

Espírito Santo que os encherá de forza para anunciálo. Ese día nace a Igrexa, a familia de Xesús, guiada polo Espírito.

- Hoxe é o lume e o vento do Espírito Santo o que **nos eleva, móvenos, impúlsanos** para ser os seus seguidores, para ser Igrexa misioneira, “en saída”, que vive a alegría do evanxeo.
- Hoxe é o Espírito Santo o que segue guiando a Igrexa dándolle os seus dons para que sexa unha **Igrexa de cores**, con carismas, alegre e esperanzada (non en branco e negro). Se non se deixa mover polo lume do Espírito, ningún grupo funcionará.
- Os seguidores de Xesús recibimos o Espírito Santo sobre todo no bautismo e na confirmación. Valorémoslos, invoquémoslo.

Rézaslle ao Espírito?

Que nos di hoxe Xesús?

3. ACTUAR: Déixate guiar polo Espírito

- Se o Espírito é o lume e o vento que nos moven, nos grupos invocádeo, pedide a súa axuda. Rezádelle o “Gloria ao Pai”, o Credo ou a secuencia de Pentecoste: “Ven Espírito divino, manda a túa luz desde o ceo. Pai amoroso do pobre, don nos teus dons espléndido. Luz que penetras as almas, fonte do maior consolo”.
- Elaborade un mural sobre os froitos do Espírito (Gál 5, 22-23). Vede como familiarizarvos co Espírito Santo para vivir cheos de forza, como auténticas testemuñas de Xesús.
- Hoxe acaba a Pascua: preparade unha monición para apagar o cirio pascual.

Que imos facer?

LECTURAS

FEITOS, 1-11: *Enchéronse todos de Espírito Santo e empezaron a falar en linguas.*

Ao chegar o día de Pentecoste, estaban todos reunidos en un mesmo lugar. De súpeto, un ruído do ceo, como dun vento recio, resoou en toda a casa onde se atopaban. Viron aparecer unhas linguas, como labaradas, que se repartían, pousándose encima de cada un. Enchéronse todos de Espírito Santo e empezaron a falar en linguas estranxeiras, cada un **na lingua que o Espírito lles suxería.**

Atopábanse entón en Xerusalén xudeus devotos de todas as nacións da terra. Ao oír o ruído, acudiron en masa e quedaron desconcertados, porque cada un oíaos falar no seu propio idioma. Enormemente sorprendidos, preguntaban:

-Non son galileos todos eses que están falando? Entón, como é que cada un oímolos falar na nosa lingua nativa? Entre nós hai partos, medos e elamitas, outros vivimos en Mesopotamia, Xudea, Capadocia, no Ponto e en Asia, en Frixia ou en Panfilia, en Exipto ou na zona de Libia que limita con Cirene; algúns somos forasteiros de Roma, outros xudeus ou prosélitos; tamén hai cretenses e árabes; e cada un oímolos falar das marabillas de Deus en nosa propia lingua. *Palabra do Señor*

Salmo 103:

Envía o teu Espírito Señor e renova a face da terra.

1ª Corintios 12, 3b 7.12-13: *Fomos bautizados nun mesmo Espírito, para formar un só corpo.*

SAN XOÁN 20, 19-23: Como o Pai me enviou, así tamén vos envío euo. Recibide o Espírito Santo.

Narrador: Á noitiña daquel día, o día primeiro da semana, estaban os discípulos nunha casa, coas **portas pechadas**, por medo aos xudeus. Nisto entrou Xesús, púxose no medio e díxolles:

Xesús: *-Paz convosco.*

Narrador: E dicindo isto, ensinoulles as mans e o costado. E os discípulos enchéronse de alegría ao ver o Señor. Xesús repetiu:

Xesús: *-Paz convosco. Como o Pai me envioume, así tamén vos envío eu.*

Narrador: E dito isto, exhalou o seu alento sobre eles e díxolles:

Xesús: ***-Recibide o Espírito Santo; a quen lles perdoedes os pecados, quédanlles perdoados; a quen llos reteñades, quédanlles retidos***

Palabra do Señor.